## Introdución

A atención ás persoas con dependencia (aquelas que necesitan axuda para a realización das actividades da vida diaria) constituíuse como un dos desafíos máis relevantes das últimas dúas décadas en termos políticos, sociais e económicos. A Lei 39/2006 de promoción e autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (en diante, LAPAD) creou un dereito social universal vinculado ás necesidades de asistencia deste colectivo, ao mesmo tempo que asociou a diversidade funcional ao propio proceso de avellentamento. A asociación entre idade e risco de padecer unha situación de dependencia implica que o reto político estea asociado á evolución temporal do nivel de envellecemento e ás fórmulas que se estableceren para afrontar as necesidades físicas e sociais deste fenómeno.

Na actualidade, os datos da "Enquisa estrutural a fogares" no seu "Módulo de Dependencia" realizado polo Instituto Galego de Estatística confirman que residen en Galicia 117.875 persoas con dependencia, é dicir, un 4,4% da poboación total (datos ano 2017). Se se desagrega esta cifra en tramos de idade, obsérvase a elevada incidencia nas idades máis avanzadas, en particular a partir dos 75 anos, cando alcanza ao 22,9% da poboación. Estes datos, a pesar do desafío que representan en termos de organización social e política, son un fiel reflexo do progreso nas condicións sanitarias, sociais, económicas e na mellora dos estilos de vida que fomos alcanzando no último século. De feito, Galicia comezou o século XX cunha esperanza de vida ao nacer de 34 anos e no ano 2019 esta alcanzaba os 83, o que a sitúa como unha das rexións máis avantaxadas do mundo neste terreo. Esta mudanza tan brusca na estrutura etaria require de políticas que se adapten con flexibilidade ás demandas deste grupo de poboación, especialmente cando se atopa nunha situación de dependencia. Se se observan as proxeccións de poboación, estas sinalan un acelerado aumento da poboación maior. O colectivo de 65 e máis anos, que en 2019 representaba o 25,2% da poboación, alcanzará o 33,0% dentro de tan só 15 anos. A taxa de dependencia (cociente, en tanto por cento, da poboación menor de 16 anos e maior de 64 entre a poboación de 16 a 64 anos) elevarase do 59,2% actual ata o 71,1% en 2035.

En Galicia (do mesmo xeito que no resto de España), a atención de persoas en situación de dependencia experimentou dous cambios relevantes na última década. Un deles tivo lugar coa implantación da mencionada LAPAD e supuxo a posta en marcha dun sistema nacional de coidados de longa duración que renovou o marco de servizos sociais e prestacións económicas destinadas aos coidados persoais. O outro, vén xestándose desde finais dos anos noventa e consiste na consolidación dunha estratexia de privatización dos coidados familiares a través do servizo doméstico. Esta tendencia cara á mercantilización apoiouse na contratación de mulleres migrantes como empregadas de fogar. Os datos da mencionada "Enquisa estrutural a fogares" estiman que o 81,4% das persoas dependentes que residen en Galicia reciben coidados de membros do seu propio fogar e o 29,8%, de parentes que residen fóra del. Pero as cifras tamén demostran que o 13,0% das persoas con dependencia recibe coidados de traballadores remunerados a domicilio.

Ámbolos dous procesos, os cambios lexislativos e a crecente privatización, contribuíron á transformación do tradicional modelo de organización dos coidados nos domicilios, caracterizado tradicionalmente pola elevada responsabilidade da familia nas tarefas de atención persoal e a escasa cobertura da rede de servizos sociais públicos. As cifras continúan indicando altos niveis de implicación dos parentes nos coidados, pero o familismo semella atopar novas formas de expresión a través da mencionada mercantilización e do desenvolvemento de novos recursos públicos. Deste xeito, aínda que a privatización contribuíu a mitigar a carga das tarefas de coidados nos fogares, a xestión dos coidados segue recaendo habitualmente nos descendentes. Cabe preguntarse, unha década despois da implementación da LAPAD, como afectou este sistema de coidados públicos á organización dos coidados nos fogares e mais á creación de emprego neste sector.

Este informe céntrase, precisamente, en analizar a evolución da poboación en situación de dependencia en Galicia, explorando as súas características sociodemográficas, pero tamén pondo en relación esta estrutura demográfica co despregamento duns determinados recursos públicos orientados á provisión de atención persoal. Deste proceso depende, ademais, a propia evolución do mercado de traballo no ámbito da dependencia. A entrada en vigor da LAPAD supuxo unha inxección económica con repercusións significativas sobre a xeración de emprego. Aínda que a creación de postos de traballo relacionados cos servizos sociais foi inferior ás expectativas iniciais (descritas no *Libro Blanco de la Dependencia),* a evolución do emprego foi notable. De acordo cos datos da Enquisa de poboación activa (EPA), durante o período da súa implantación, e ata o ano 2015, estímase que a ocupación nos servizos sociais aumentou a 120.100 persoas. Por outra banda, para o conxunto de España, os datos de afiliación á Seguridade Social mostran un aumento de aproximadamente 170.000 afiliados no mesmo período e nas mesmas actividades. Esta evolución seguiu a mesma traxectoria en Galicia. En particular, o número de persoas afiliadas á Seguridade Social chegou a duplicarse durante a última década. Con todo, a explotación deste xacemento de emprego, aínda en continuo crecemento, non está exenta de críticas e limitacións, sobre todo con respecto ás condicións laborais dos seus traballadores.

O documento que se presenta a continuación caracteriza o panorama dos coidados de longa duración en Galicia. A súa finalidade é puramente descritiva e de diagnose no sentido de que presenta a evolución deste sistema na última década e os cambios sociais e demográficos aos cales tenta responder. Estas páxinas elaboráronse durante os últimos meses do ano 2020, en plena crise sanitaria e social motivada pola Covid-19. A ausencia de datos actualizados durante o proceso de redacción impediu que se puidese ofrecer unha avaliación do seu impacto nos coidados a persoas dependentes, pero visualizou a necesidade de seguirmos realizando este tipo de exploracións no futuro. O colapso do sistema público de atención e o confinamento decretado polo estado de alarma devolveron ao fogar toda a responsabilidade sobre os coidados e evidenciaron como as traballadoras de coidados remuneradas son esenciais para o mantemento da vida. Este proceso puxo en evidencia, así mesmo, a fraxilidade do sistema (especialmente no terreo das residencias xeriátricas) e, por tanto, a necesidade de repensarmos a súa estrutura e organización. Este

informe é, por tanto, un punto de partida para comezar unha análise máis profunda e un debate acerca das posibilidades de mellora.

En concreto, o informe estrutúrase en cinco capítulos. O primeiro analiza a evolución demográfica de Galicia e as características do seu proceso de envellecemento. Ponse en relación a situación actual coas cifras que presenta o Instituto Nacional de Estatística sobre a súa proxección no futuro (utilízase como limiar o ano 2035). Ofrécense datos respecto da incidencia da emigración galega no envellecemento da poboación, a súa distribución territorial a escala provincial e municipal, así como a evolución da fecundidade na rexión. As cifras foron recollidas dos censos de poboación e vivendas, do padrón municipal de habitantes e da "Enquisa nacional de fecundidade" (INE). O segundo capítulo explora a evolución en situación de dependencia en Galicia. As súas características demográficas e a súa incidencia segundo sexo e idade, amais da súa distribución a escala provincial. Os datos utilizados son os da "Enquisa estrutural de fogares" do IGE. Incorpórase unha estimación do número de persoas dependentes que poderían ser obxecto de atención pola LAPAD. Tamén se explora como as familias afrontaron as necesidades de coidados nos fogares polo que se ofrece información de como se reparte a atención entre a administración pública, a familia e o mercado. Inclúense datos da Enquisa "EINSFOESSA 2018" co fin de pescudar os apoios e as axudas que botan en falta os coidadores/as familiares. O capítulo terceiro céntrase xa no sistema público de coidados de longa duración. Ofrécese unha valoración da implementación da LAPAD en Galicia identificando as polémicas que rodearon a súa aplicación. Estúdanse as diferentes fases polas que se pasou a súa instauración na comunidade autónoma centrándose este apartado en determinar as implicacións que os recursos públicos máis estendidos e as súas ratios de cobertura teñen sobre o coidado nos fogares.

Os capítulos catro e cinco céntranse na incidencia dos coidados de longa duración na creación de emprego. De feito, o cuarto capítulo aborda o mercado de traballo de coidados. En particular, nel explórase o traballo de coidados desde a perspectiva das actividades dos establecementos en que se desenvolve. Como primeira aproximación, preséntase e analiza a evolución dos datos de "Afiliación á Seguridade Social" nas actividades vinculadas ao ámbito da dependencia. A seguir, estúdase a ocupación no sector mediante os datos da "Enquisa de poboación activa", os cales, a pesar de sufriren as limitacións propias dunha enquisa, permiten explorar o fenómeno desde perspectivas distintas. Concretamente, valórase a contribución relativa ao emprego da asistencia residencial e non residencial, así como o papel relativo do sector público fronte ao privado. De igual modo, explóranse os aspectos cualitativos do traballo, mediante o estudo dalgúns atributos persoais de traballadores e traballadoras, así como dos tipos de contratos que prevalecen no sector. Este capítulo tamén inclúe na análise o servizo doméstico, xa que gran parte das persoas contratadas polos fogares desempeñan tarefas relacionadas coa atención e o coidado ás persoas. Finalmente, discútese o impacto da LAPAD na xeración de emprego, para estimar a proporción de emprego no sector que, en Galicia, está vinculada á implementación desta lei.

E para rematar, no quinto capítulo preséntanse as proxeccións de poboación dependente e das necesidades de postos de traballo vinculados ao ámbito de dependencia para o horizonte temporal 2020-2035. As proxeccións de poboación dependente, que se basean

nas proxeccións de poboación do Instituto Nacional de Estatística, combinadas coas respostas da "Enquisa estrutural a fogares" de Galicia, ofrecen unha panorámica da evolución do número de persoas que, presumiblemente, necesitarán atención e coidado durante os próximos anos, e son o punto de partida para a discusión verbo das necesidades futuras de traballo e da evolución do sector como xacemento de emprego. Con respecto ás proxeccións das necesidades de emprego, preséntanse proxeccións separadas para o emprego vinculado ao Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o emprego en centros residenciais, e o emprego de coidado a domicilio. Debido á importancia dalgúns supostos para os resultados das proxeccións, preséntanse tamén varias análises de sensibilidade ante cambios nas variables e nos parámetros principais.